


Sondaxes arqueolóxicas para asento de zapatas no predio nº 3 da rúa Xesús Carlos Romero Nieto, Xinzo de Limia

EDUARDO-BREOGÁN NIETO MUÑIZ

A reforma do inmoble nº 3 da rúa Romero Nieto, tradicionalmente rúa Outurelo, presentouse como unha segunda fase de obra en relación á construción dun predio de nova planta no soar contiguo nº 5. Este soar xa foi obxecto dunhas sondaxes arqueolóxicas e a súa posterior escavación en área (CD102A2007/194-0 e 706-0). Encádranse ambos na área definida como zona antiga no P.X.O.M. do Concello de Xinzo de Limia, así como no inventario de bens arqueolóxicos de Galicia (GA32032030), referente a todo o núcleo histórico de Xinzo de Limia. Naquelas intervencións previas localizáronse os restos dunhas *tabernae*, así como dous niveis de rúa superpostos no exterior destas, con diversas fases de ocupación entre o século I e o III d. C.

A escasa entidade das obras planeadas, limitadas á escavación das zapatas perimetrais, leváronnos a situar as sondaxes coincidindo coa súa situación e dimensións. Realizáronse un total de 5, cubrindo 48,40 m² dos 103 m² totais do soar, o que supuxo o 20,6% da superficie total. Todas foron escavadas ata o substrato natural, formado por un nivel de area fino, idéntico ao detectado na escavación do predio nº 5 e noutras intervencións no mesmo Xinzo de Limia.



Situación dos soares escavados



Esquina da estrutura en S3

A única unidade construtiva foi localizada en S3, coincidindo co límite N do soar. Trátase dun treito de muro que forma unha esquina en ángulo recto da que parten dous lenzos de cachotería con boas caras á vista, de 48 cm de grosor, cunha orientación SW-NE e SE-NW, cun longo de 1,35 m e 1,53 m, respectivamente. Apareceu este muro a escasos 10 cm de fondura no centro da sondaxe, e consérvanse 20 cm desde a súa cimentación; nos testemuños consérvase cunha altura de ata 70 cm, grazas a seren empregados como apoio das estruturas contemporáneas. O muro déitase directamente sobre o substrato areoso, sen apenas cimentación, tal e como ocorría coas estruturas da primeira época no soar contiguo nº 5.

Esta estrutura individualiza un espazo interior e outro exterior. O primeiro esténdese cara ao N, perdéndose baixo os predios lindeiros no que pode descubrirse tan só unha pequena superficie de 1 m². Localizamos, aínda así, dúas fases de ocupación para a mesma estrutura. A primeira delas está formada por un nivel de recheo de terra cincenta, duns 25 cm de grosor, deitado directamente sobre o terreo natural, que serviu de nivelación para o nivel de uso propiamente dito –de terra parda–, moi alterado por unha derruba de *tegula* de 17 cm de potencia, que nos marca o estadio de abandono. Sobre esta derruba practicouse unha nova nivelación, esta vez a base de terra compactada, correspondente ao segundo momento de ocupación. Cubría este piso terreoiro outro nivel de terra cincenta, correspondente ao segundo uso da estrutura, con gran cantidade de carbonciños. Sobre

este nivel e sobre o propio muro construíronse xa as edificacións contemporáneas actuais. Exceptuando as *tegulas* do nivel de derruba, é destacable a escaseza de material no interior da estrutura.


O espazo exterior da estrutura corresponde xa ao resto do soar, dada a inexistencia doutras estruturas que dividan ese espazo. Albíscanse neste tamén dúas fases de ocupación, moito máis claras en S2. A primeira fase correspóndese cun pavimento botado directamente sobre o terreo natural, presente ao SW do muro pero sen contactar con el, perdéndose baixo o testemuño NW e sen continuidade cara ao interior do soar. Cobre este nivel unha camada de terra amarelenta, moi solta, cunha potencia variable entre 15 e 30 cm, talvez correspondente a un longo estadio de abandono. Sobre este superponse á súa vez outro de terra cincenta, con fragmentos de *tegula* tan só no medio metro máis próximo ao muro, que acada unha potencia máxima de 20 cm e que vai diminuindo a medida que nos arredamos daquel, ata desaparecer; correspóndese este nivel coa derruba interior. O estadio de abandono remata coa nivelación de todo o conxunto cunha fina camada de terra xabreguenta, moi débil en S3 pero que chega aos 10 cm en S2.

No resto das sondaxes repítese a secuencia de niveis, aínda que con considerables diferenzas de potencia e cota. Este feito ponnos ao descuberto un terreo desnivelado cara ao SW, onde se tería acumulado máis lixo e onde os recheos requiren maior grosor.


Estes niveis de selado e nivelación son os que concentraban a maior parte do material, todo el de tipoloxía romana, sendo destacable a gran cantidade de TSH, de diversas formas lisas e decoradas. Esta camada de nivelación xabreguenta emparenta con outro nivel de selado, de idénticas características, detectado na escavación do soar nº 5, e no que se atopa un claro enlace estratigráfico entre ambas as intervencións.

Xa sobre este nivel de selado, ou sobre o nivel de abandono onde este non existe, dispónse o nivel de recheo contemporáneo, correspondente ás construcións actuais.

A escaseza de material nos niveis inferiores non nos permite reconstruír unha secuencia cronolóxica moi afinada, pero a abundancia destes nos niveis de selado superiores lévannos a situar a segunda fase de ocupación no século III d. C.; algún fragmento de cerámica bracarense retrasaríanola



Planta xeral das sondaxes



Pefil NW de S3

ao século II d. C., inda que máis ben corresponderían estes á fase de transición ou de abandono.

A función da estrutura é difícil de precisar, debido á escaseza de material e ao escaso 1 m² de superficie descuberta desta. A orientación dos muros coincide coa dos restos exhumados no soar nº 5, inda que non parecen estar artellados, existe un amplo espazo despexado de construcións entre ambos. Sería interesante estudar o interior da estrutura, así como a súa relación co muro S-N que delimitaba as *tabernae* do soar contiguo polo W. Pero todos eles se perden xa baixo a rúa e as edificacións actuais, arredando a solución ao problema destes dous soares por nós intervidos.

Ao final da intervención os restos foron cubertos con fibra xeotéxtil e sábrigo e quedaron amortizados baixo as zapatas. □